

# ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Sesión Ordinaria, celebrada o xoves 18 de novembro de 2021

## ORDE DO DÍA

### **PROPOSTAS PARA QUE REDONDELA SEXA UN CONCELLO MÁIS SOSTIBLE**

O xoves 18 de novembro de 2021, ás 11:00 h, celebrouse o segundo Consello Municipal de Infancia e Adolescencia de 2021, primeiro correspondente ao curso escolar 2021/22, e primeiro que se realiza de xeito presencial despois da pandemia debida ao Covid-19.

Presidiu o acto a alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e asistiron os seguintes vogais:

#### **- Vogais infantís:**

- Polo CEIP Alexandre Bóveda: Luis Costas Carballo e Xoán Rodríguez Martínez (5º curso).
- Polo CEIP Outeiro das Penas: Bruno Silva Couñago e Sofía Darroza Villar (6º curso).
- Polo CEIP Porto Cabeiro: Lucas García de la Peña (5º curso) e Mª Teresa Montesinos Calvar (6º curso).
- Polo CEIP Quintela: Leire Pena Fernández e Omar Martínez Dopazo (6º curso).
- Polo CEIP Reboreda: Daniela Míguez Oliveira e David Muíños Martínez (5º curso).
- Polo CEP Santa Mariña: Alba Franco Barciela, Alma Otero Camiña e Aitor López Muñiz (5º curso).
- Polo CPR Colexio Vigo: Daniela Pascual Rodríguez e Guillermo García Alonso (6º curso).
- Polo IES Chapela: Lidia Bastos González (4º curso da ESO).
- Polo IES Mendiño: Carla Santos Mouriño (1º curso de Bacharelato).
- Polo IES Pedro Floriani: Xiana Fernández Magallanes e Bruno Veiga Davila (1º curso da ESO).

#### **- Vogais adultos:**

- Olga García, concelleira de Xuventude, Ensino e Participación Cidadá, en representación do Partido Socialista.
- María del Carmen Bastos, en representación do Partido Popular.
- Daniel Boullosa, en representación da Asociación de Electores de Redondela.
- Jéscica García Cruz, en representación do Bloque Nacionalista Galego.
- Lourdes Castaño Fernández, en representación das ANPAS de Redondela.

#### **- Asesores permanentes do Consello:**

- Gloria del Río, vicepresidenta de UNICEF, comité Galicia.



- Mely Rodríguez, vogal da xunta directiva de UNICEF.

A alcaldesa dá a benvida aos participantes, e dá as grazas ao grupo do Consello que se está a reunir cada 15 días para facer as propostas e mellorar a vida de todos no concello, sinalando que moitas destas propostas están a levarse a cabo.

A continuación dá paso a cada un dos representantes para facer as súas exposicións. Resumimos aquí as propostas de cada un.

## ● INTERVENCIÓNS:

### **A) CEIP ALEXANDRE BÓVEDA**

- Propón organizar equipos de voluntarios para limpar a praia.
- Solicita ao concello que lle pida a unha empresa un tipo de reciclaxe sostible, a través de máquinas que devolven moedas a cambio de entregarlles envases para reciclar.
- Propón tamén a ubicación dun contedor de roupa próximo á súa escola, roupa que ademáis de reciclarse para ter unha segunda vida, podería ser de grande axuda para as familias máis vulnerables.

### **B) OUTEIRO DAS PENAS**

- Aos nenos deste centro preocúpalles mellorar a calidade do aire, polo que propoñen que se incentiven os medios de transporte máis limpos, como bicicletas e patinetes, así como os medios colectivos (autobús) para reducir o uso do coche particular.
- Piden que haxa máis limpeza nas parroquias e no rural, e que contén cos nenos e nenas do concello para que participen nestas limpezaas.
- Información e formación: promover obradoiros e concursos que fomenten a reciclaxe entre a cidadanía.
- Instalación de máis puntos limpos nas parroquias.
- Instalar máquinas como as que existen noutros países, que devolven diñeiro a cambio de depositar neles envases para reciclar.
- Conservar zonas verdes e amplialas, plantando árbores preto das carreteras. Máis árbores autóctonas e conservar as que xa temos.
- Fomentar enerxías renovables e vivendas sostibles, axudando á veciñanza a incorporar estes cambios nas súas vivendas.



- Coidar os ecosistemas. Poñer paneis informativos coas especies de árbores que hai na Alameda.
- Colocar observatorios de aves na contorna da Portela, na Punta da Praia, na contorna do Meirande e na Praia de Arealonga.
- Recoller os animais abandonados.

## C) PORTO CABEIRO

- Propoñen dotar a Redondela de máis contedores de reciclaxe.
- Impoñer multas polas fogueiras e polo lixo que se tire ao chan.
- Máis liñas de bus para Redondela, e liñas de autobús para ir aos hospitais.
- Elaborar roteiros de sendeirismo, e sinalizalos.
- Repoboar o monte con máis árbores autóctonas.
- O concello debe ocuparse de limpar as silveiras.
- Propoñen a creación dun club mediambiental, pode crearse un club medioambiental de adultos e outro *junior*. Con estes grupos propoñen limpar as contornas dos ríos dúas veces ao ano.
- Propoñen tamén apostar pola formación: obradoiros de reciclaxe en escolas infantís, centros de maiores ou asociacións, de xeito que se fomente e divulgue o costume de reciclar máis e tirar menos.
- Propoñen que se fomenten as familias de acollida para animais abandonados. Facer campañas dende as redes sociais, campañas institucionais, para fomentalo.

En definitiva fálannos de poñer en marcha o chamado “efecto bolboreta”, e que as accións que facemos que benefician a natureza se difundan e teñan consecuencias positivas.

## D) CEIP QUINTELA

No CEIP Quintela apostan por promover os pequenos cambios que están nas nosas mans.

- Fomentar o transporte público.
- Carril bici no casco urbano.
- Facer un casco urbano peonil e crear unha circunvalación para os automóviles.
- Instalación de puntos para recargas para os coches eléctricos, pois non hai ningún en



Redondela.

- Aumentar o número de contedores de pillas usadas, e tamén instalalos no rural, onde non hai ningún ou case ningún.
- Colocación na Praia de Cesantes de máis papeleiras e colectoers de lixo. A esto hai que engadir a vixilancia, para previr que a xente tire o lixo onde non debe.
- Promover unha lei que limite o número de árbores autóctonas que se talan, porque cada vez son menos.
- Promover a instalación de placas solares en edificios públicos e privados, fomentando o seu uso dende o concello.
- Favorecer o uso do chan industrial de Redondela para aquelas empresas que se adiquen á reciclaxe ou que teñan plans medioambientais.
- Redución de uso de bolsas plásticas.
- Promover o uso de *tablets* nos centros de ensino, en lugar de papel.
- Proporcionar máis composteiros para usos particulares e difundir o seu uso a través de talleres que ensinen a empregalos.
- Sobre os mobles vellos que se tiran, propoñen potenciar un mercado de segunda man para poder aproveitalos, así como tamén favorecer a reciclaxe dos seus compoñentes.

## E) CEIP REBOREDA

- Propoñen mellorar a distribución dos contedores selectivos nas parroquias, xa que en algúns lugares máis afastados do concello non se conta con eles. O alumnado deste centro consultou con compañeiros que viven en Quintela e mais en Reboreda, que confirmaron esto último.
- Solicitan que os propios contedores incorporen explicacións claras e sinxelas sobre que elementos van en cada contedor, como facía hai tempo a Coca Simona nalgúns destes elementos de mobiliario urbano.
- Solicitan un carril bici que comunique as parroquias e permita ir ata a Praia de Cesantes. Sobre esto último inciden nas vantaxes que conleva o uso deste vehículo, tanto para as persoas, para as que favorece a saúde tanto física como mental, por facer exercicio, como para o medio ambiente, pola mellora da calidade do aire.
- Mellorar a seguridade viaria para poder empregar a bicicleta dun xeito máis seguro.
- Promover dende o concello un sistema de aluguer de bicicletas, facer roitas prioritarias para bicicletas, favorecer o desprazamento ás escolas en bicicleta e que os repartos a establecementos se fagan en bicicleta.



## **F) CEIP SANTA MARIÑA**

- Propoñen mudar de sitio a depuradora.
- Colocar unha varanda arredor dos tramos urbáns dos ríos, para que os plásticos e o lixo non caian nas súas augas.
- Facer unha campaña para concienciar no uso de papeleiras.
- Carril bici ata a Praia de Cesantes.
- Promover un “tren chucuchú” ou similar que comunique Redondela e Cesantes.
- Establecer liñas de autobús baratas para comunicar diferentes áreas do concello.
- Habilitar espazos para o seu uso como hortas urbanas.
- Promover o aluguer de patinetes e mais bicicletas eléctricas.
- Non retirar as algas de Cesantes.

## **G) COLEXIO VIGO**

- Máis papeleiras de recicla para que todos teñan preto da casa.
- Papeleiras especiais para máscaras.
- Promover recollida de lixo en coles. Campañas de limpeza.
- Carril bici, autobús e rúas peonís.

## **H) IES CHAPELA**

- Propoñen facer xeiras ás praias e montes para a recollida de lixo dentro das actividades escolares, xeiras que por un lado axudan á aprendizaxe, pero que tamén divirten, pero sobre todo que axudarían a ter unha contorna máis agradable.
- Inciden na necesidade de reforestar con árbores autóctonas. Un xeito de traballar sobre eso, dende a escola, pode ser poñer sementes na clase e coidalas para, cando crezan, poder levalas ao monte. Sería unha idea de que dende cada aula se coidaría unha árbore como se fora un fillo.
- Propoñen que Redondela dispoña de máquinas que expenden moedas a cambio de materiais para reciclar.
- *Plan residuos 0* nas escolas: fomentar dende a escola que a comunidade escolar non



empregue envases ou envoltorios que non sexan reutilizables. Ao tempo, fomentar a compra de produtos frescos e non envasados, así como os produtos de proximidade.

- Xunto a esto, importante que os centros contén con fontes de auga potable.
- Promover dende o Concello a disposición de terreos para hortos urbáns. Nestes pode xerarse unha dobre vantaxe: os maiores poden ensinar aos máis cativos, e ademáis poden servir como axuda para persoas sen recursos.
- Situar composteiros preto dos centros de ensino e tamén nos hortos urbáns.
- Incorporar contedores de cabichas e tamén contedores de excrementos de can.
- Promover a creación dun xardín botánico, que serviría para traer visitantes, o que repercutiría no comercio local.
- Vehículos de motor: nos centros dalgunhas cidades chegou a prohibirse o seu uso. Pense que en Redondela isto non é necesario, pero que sí debe promoverse un carril bici polo centro e arredores, e tamén o transporte público para alixeirar a circulación de tráfico.
- Cambio climático: pouco a pouco xuntar forzas con accións pequenas para revertir as cousas.
- Tamén ofrecen a súa colaboración, con charlas impartidas polo alumnado dos centros de ensino.
- Obradoiros de reciclaxe.
- Mercados de produtos de segunda man.

Suxiren aproveitar a imaxinación da mocidade para innovar.

## I) IES MENDIÑO

- Papeleiras con sistemas de separación de residuos.
- Instalar máis papeleiras no Maceiras, na Senda da Auga.
- Bonificar a reciclaxe de botellas, vidro, etc, con máquinas que a cambio dean a cidadanía bonificacións para o transporte público ou para o comercio local.
- Sistema de recollida de máscaras, con papeleiras especiais ou outros, pois hai moitas tiradas polo chan.
- Máis puntos limpos.
- Incentivar a venda de materiais reciclables en lugar de plásticos dun só uso.



- Dotar a Redondela dun centro peonil para a circulación das persoas e sen tráfico, proporcionar un carril bici para o desprazamento e dotar dun servizo de transporte público.
- Reforestación con árbores autóctonas e mellora das zonas degradadas.
- Posibilitar zonas para hortos urbanos.
- Substituír todo o alumeadado público por luces leds.
- Promover a colocación e uso de placas solares en edificios públicos.

## J) IES PEDRO FLORIANI

- O alumnado propón participar na concienciación da cidadanía, co obxectivo de que non se tiren residuos contaminantes polos sumidoiros (cabichas, toallíñas desbotables, máscaras, luvas), pero para facelo, queren ser informados e formados polos expertos: saber como danan estes residuos ás depuradoras, aos ecosistemas.
- Solicita ao concello material de limpeza para realizar xornadas de recollida de lixo polas zonas máis degradadas do concello. Poden realizarse recollidas manuais de lixo nas praias.
- Propón a elaboración dun *plasticódromo*, e solicita axuda ao concello (aramios, redes, pintura, axuda dos profesionais). Con este espazo pretenden concienciar sobre a cantidade deste material que usamos nas nosas casas.
- Solicitan coñecer asociacións ecoloxistas e industrias limpas da nosa contorna para poder colaborar con elas.
- Solicitan formación para participar na elaboración dunha campaña de concienciación de separación de residuos (plástico, vidro, papel, móbiles, xoguetes, bombillas, aceite de cociña), para o que eles poden crear vídeos promocionais e informativos para concienciar á poboación. Propoñen facer participar ao empresariado redondelán nestas accións.
- Propón ao concello incentivar economicamente a reciclaxe, con máquinas expendedoras que dispensen moedas ou vales de desconto (eventos culturais, transporte público, comercio local) a cambio dos produtos para reciclar.
- Solicitan ao concello que coordine a recollida de materiais para reciclar, e sume a esta iniciativa aos centros educativos e mais ás oficinas municipais, participando no proxecto **Terracycle**. Este é un proxecto que recolle para a reciclaxe materiais non habituais de reciclaxe, e que suma a causas benéficas os beneficios económicos obtidos do reciclado.
- Demandan que o concello sexa máis insistente na limpeza de fincas e terreos para a prevención de incendios e para evitar vertedoiros incontrolados.
- Propoñen tamén que o concello leve a cabo campañas para ensinar que non é bo o consumo masivo de carne.



- Demandan que Redondela conte cun punto limpo propio ao que poder levar os materiais de refugallo, ou ben que estes veñan recollelos. Propoñen publicitar dito punto limpo entre a cidadanía.

## ● RESPOSTAS

### **Olga M.<sup>a</sup> García, PARTIDO SOCIALISTA**

Felicita aos voceiros e voceiras pola súa intervención e polo traballo realizado polo alumnado dos centros de ensino para preparar estas exposicións.

Aproveita o seu turno de palabra para achegar o manifesto preparado polo grupo de representación infantil e xuvenil de Redondela ***Axentes do Cambio*** e que a membro deste grupo Carla Acosta, alumna do IES Illa de San Simón, tivo a oportunidade de ler no Parlamento de Galicia durante o ***IX Foro de Participación Infantil***, promovido por UNICEF, e celebrado dous días antes deste pleno.

Tamén, a tenor dun anterior pleno que fixemos sobre accesibilidade, aproveita para dar voz, e denunciar o caso da alumna do IES Chapela que, aínda que é de Marín ten que cursar os seus estudos neste instituto por ter mobilidade reducida, e por non haber outros centros máis cercanos ao seu domicilio que estean libres de barreiras arquitectónicas. O alto custe do desprazamento desta alumna fixo que tivera que renunciar a achegarse ao centro.

### **Digna Rivas, ALCALDESA**

Felicita aos rapaces e rapazas que se achegaron a expoñer as ideas dos seus centros, non só polo ben que o realizaron, senón polo difícil que é esa tarefa. Tamén fai chegar as felicitacións ao profesores e aos centros de ensino.

### **Jessica García, BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

Felicita aos participantes, non só por traeren ideas interesantes, senón pola súa actitude de estar traballando e na acción, e non na bancada, agardando a que as cousas se fagan. Traballan non no seu futuro, senón no seu presente.

Felicítaos tamén polo bo uso do galego, así como por manexar perfectamente unha linguaxe inclusiva.

Sinala a aprendizaxe por proxectos que están a empregar os centros, particularmente no momento de participar nesta actividade, e que é algo beneficioso para todos.

Con respecto ao carril bici tan sinalado por todos, sinala que xa hai propostas que o seu grupo político está levando aos plenos.





## **M.<sup>a</sup> Carmen Bastos, PARTIDO POPULAR**

Resalta a calidade das exposicións e as ideas aportadas, e considera que serven para tomar boa nota e traballar a prol delas.

## **Daniel Boulosa, AGRUPACIÓN DE ELECTORES DE REDONDELA**

Felicita aos profesores e aos equipos directivos, pero sobre todo a rapaces e rapazas pola súa labor de falar en público e achegar as propostas, das que tomou moitas notas na súa libreta.

Con respecto a unha das ideas que se repiten en todas as exposicións, o carril bici, recórdalles que xa existe un carril bici que conecta, non todas, pero sí case todas as parroquias de Redondela, que é a Senda da Auga.

## **Lourdes Castaño, en representación das ANPAS de Redondela**

Da os parabéns a todos os e as vogais polas súas exposicións e por teren superado as súas expectativas. Como representante das asociacións de nais e pais amosa o seu orgullo polas novas xeracións tan ben preparadas.

### **● ROGOS E PREGUNTAS**

A continuación dáselles a oportunidade a todos os asistentes, tanto vogais infantís como adultos, así como os acompañantes que están no público, de achegar preguntas, propostas ou peticións ao equipo de goberno.

- Un dos voceiros infantís sinala que a parada de autobús da Igrexa de Santo Estevo non ten marquesina, e que nos días de choiva é difícil agardar alí o autobús, tamén que non existe un paso de cebra para poder cruzar de xeito seguro.

A alcaldesa reconece esa necesidade, aínda que lle fai saber que é unha carretera nacional, polo que a competencia sobre a mesma non é do concello, senón do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana. En todo caso, o concello fará a súa parte.

- Outro dos participantes achega as necesidades de Vilar, con aceras sucias, pistas mal coidadas e carreteras en mal estado. Sinala que a rapazada ten medo de andar coa bicicleta porque se esvara coa grava.

A alcaldesa responde que a zona da que está a falar é o Polígono das Cartas, que é un terreo de propiedade privada, polo que o Concello non pode invertir nel. Tamén que nestes momentos hai conversas cos veciños para tratar de acadar fórmulas de mellorar a zona.

- Outra das voceiras sinala que en Rande hai poucas papeleiras e que estas tardan en ser baleiradas, polo que o lixo acaba caendo á auga.



Fronte a esto a alcaldesa remarca a idea de que a existencia de papeleiras en zonas de pouco acceso supón que ten que haber un traballo e un custe detrás en vacialas e limpalas. En moitos deses casos é máis importante que adultos e nenos nos concienciamos en coller o costume de recoller nós o noso propio lixo e levalo con nós cara outras zonas de mellor acceso onde se poda recoller en papeleiras.

- Outro voceiro dende Santo Estevo traslada a queixa de que nesa parroquia só hai contedores de restos orgánicos, e non de lixo selectivo, de xeito que os veciños teñen que levar o lixo no coche. Tamén que os camiños peonís precisan limpeza.

A alcaldesa recolle que hai que saber sobre cada un deses camiños son privados ou públicos, para proceder a limpalos.

Fálase tamén dos niños de velutinas, e a alcaldesa failles saber que moitas veces eses niños xa están vaciados e limpos, pero que as brigadas deixan o niño durante un tempo, polo que ver niños non sempre implica que haxa velutinas.

- Respecto aos camiños, dende San Vicente de Trasmañó sinalan que algúns deles teñen moitas fochancas, polo que a circulación en bicicleta por eles é moi difícil e perigosa, cando hai coches pasando moi preto e con dificultades.

A alcaldesa reconece que esa dificultade dos camiños está alí. Pero para solucionala hai que sacala a licitación, pois non o pode facer o concello directamente cos seus medios. É un problema que asume que pouco a pouco ten que solucionar o goberno.

- Rapaces e rapazas que se achegaron como público dende o IES Pedro Floriani achegan tamén os seus rogos e preguntas:

- Falla de contedores de reciclaxe en Santo Estevo.
- Camións que ao pasar deixan badéns enormes nos que cabe a roda dunha bicicleta, en Vilar de Infesta, amén da inseguridade do tráfico.
- Existencia de niños de velutinas.

## **Gloria del Río, UNICEF**

Para pechar esta sesión do pleno infantil agradece ao Concello de Redondela a labor de darlle voz aos nenos e nenas e atender as súas peticións, algo que está recollido como un dereito dentro da Convención dos dereitos do Neno e da Nena.

Anima ao Concello de Redondela a tomar nota das súas peticións e das súas propostas. Sobre todo aquelas que son máis coincidentes, e felicítalo por ser unha Cidade Amiga da Infancia.

Aos nenos e nenas participantes transmítelles os seus parabéns, pois considera que son un exemplo para os adultos



## **Peche por parte da alcaldesa**

Digna Rivas dá as grazas a todos e todas os participantes, polo seu esforzo en traballar as propostas e por traelas tan ben expostas.

Remarca, ademáis, que moitas das propostas que veñen saíndo dos anteriores plenos infantís xa se están a ter en conta.

Sobre o carril bici, petición unánime de todos os centros, sinala as complicacións técnicas que hai e que dificultan a súa posta en marcha. Ademáis, a carreteira que parte desde a explanada dos institutos cara a Praia de Cesantes non é municipal, polo que a acción sobre a mesma por parte do concello vai ser máis limitada.

E sobre outras peticións, remarca a vontade de telas en conta e de traballar sobre elas.

Por último, anima a rapaces e rapazas presentes no pleno a sumarse ao grupo de representación infantil Axentes do Cambio, que xa están a traballar por recoller a voz da infancia e da adolescencia en Redondela, e por propoñer cambios e melloras, con xuntanzas periódicas.

E ás 12:30 do xoves 18 de novembro dase por rematada a sesión.

Redondela, 18 de novembro de 2021

